



"Unha Historia da Idade Media"

- ACTIVIDADE: Para esta última semana de clase antes da Semana Santa debes crear **unha historia ambientada na Idade Media** empregando os contidos aprendidos estes meses.
- TEMÁTICA: O tema do traballo é **libre**, dentro da época que estudamos (Europa, s. V - XV). Pensade nos reinos que vimos (bizantino, suevo, visigodo, al – Ándalus, reinos cristiáns...), nas cidades medievais, os feudos, as relacións sociais ou as formas de vida, as guerras, as epidemias, a arte, etc.
- FORMATO: para contar a historia podedes empregar distintos formatos:
 - **CÓMIC**
 - **PINTURA ou DEBUXO**
 - **CONTO ou HISTORIA**
 - **ARTIGO DE INVESTIGACIÓN**
 - **POEMA ou CANCIÓN (vale rap)**
 - **MONTAXE AUDIOVISUAL**
- METODOLOXÍA: Pode realizarse **a man ou por medio do ordenador** ou dispositivos móbiles. No segundo caso, podedes empregar os programas e aplicacións que queirades.
- PRAZO E FORMA DE ENTREGA: Tedes **toda a semana** para facelo e a forma de entrega será a mesma que vimos empregando estes días: **fotos do móbil** por correo electrónico ou por medio da carpeta compartida en **Google Drive**.